

GPS

O BOSQUE MODELO. Viaxe á mancomunidade de Moaña. BAILE DE SALÓN. A travesía do deserto dos bailaríns galegos. FOLK SESSION. Mercedes Peón e Bieito Romero ESTILO. Roberto Verino. AARTE. Fundación CG presenta a nova programación 2007.

GALICIA POR SECCIÓNS // Magazine bimestral de actualidade, información, lecer e cultura

Gratis á venda co xornal GALICIA HOXE



**MANUEL FRAGA
IRIBARNE**
Na escola de galegos

**UNHA REALIDADE
APARTE?**
Os xitanos en Galicia

A nova directora do Kunstverein de Frankfurt

CHUS MARTÍNEZ

“Transgresor é ir a unha conferencia en vez de saír de compras”

DVD GRATIS
As mellores curtas galegas do ano 2006

UNHA REALIDADE APARTE?

OS XITANOS EN GALICIA: CARA E CRUZ

Fotografía **Alberte Peiteavel** Textos **Manuel Darriba**

O sol e a sombra acompañan desde sempre aos xitanos, esa minoría de pel cobreada e estruturas familiares ancestrais que mira de esguello a sociedade maioritaria e recibe dela o mesmo receo. A comunidade xitana de Galicia, integrada por máis de 10.000 almas, supón o 2% dos xitanos españois e amosa os peores indicadores de benestar desta etnia en todo o Estado. Así e todo, a súa situación mudou radicalmente nas últimas décadas. Menos chabolismo, mellores prestacións educativas e sanitarias e unha tímida apertura de costumes parecen indicar que o mundo caló é cada vez menos hermético. A peregrinaxe polos enclaves xitanos de Galicia permite apreciar contrastes brutais, desde universitarias emancipadas ata a violenta irrupción do Terceiro Mundo a poucos minutos do centro da Coruña.

O PATRIARCA. Miguel Borja, de 82 anos, foi un dos xitanos máis respectados do país. "Puxen lei por toda Galicia. Agora xa estou retirado. Que me dean tabaco e comida, non pido máis". O patriarca, coñecido por todos como *O Sevilla*, foi pai por primeira vez aos 16 anos. Hai pouco viu nacer o fillo dun tataraneto, o que significa que seis xeracións da familia Borja viven na actualidade. *O Sevilla* naceu en Ordes pero leva 50 anos na Coruña. Traballou na lonxa do peixe e agora toma o sol á porta da chabola no miserento poboado de Penamoa.



M

aría **Borja Gabarri** pasou a mocidade percorrendo Galicia nun carro tirado por burros.

A lona dunha tenda de campaña cubriuna da chuvia e do frío, foi o seu tálamo nupcial e o seu paritorio. "A vida consistía en ir dun lado a outro. Despois dun par de días no mesmo lugar levantabamos o campamento e cambiabamos de sitio", lembra esta xitana caló de 70 anos e pel escura. "De noite faciamos regueiros no campamento para que a auga corra e non nos mollara as pallas onde durmiamos. Moitas veces viñan os gardas e matábannos a paus. Poñiamos o pucheiro ao lume e viñan tirárnolo dunha patada". Estampas dunha España negra sobre o gris marengo do franquismo. A pobreza de solemnidade que azoutaba a maior parte da poboación alcanzaba nos xitanos a escala máis baixa. Alborexando a transición democrática, a esperanza de vida dos calós era de pouco máis de 50 anos. Non tiñan acceso á sanidade pública e acudían aos hospitais da beneficencia. A maioría vivía en chabolas e os seus nenos estudaban -cando os pais o permitían- apartados do resto, nas escolas-ponte da Conferencia Episcopal. Os avances do último medio século foron chegando

ao mundo xitano moito máis engorde có resto da sociedade. A súa lonxevidade media elevouse ata os 70 anos, cando os pais viven unha media de 80. Os nenos asisten a escolas onde conviven con todo o mosaico cultural que agora integra este país, "pero segue presente o problema do absentismo escolar", puntualiza **Santiago González Avión**, director territorial da Fundación Secretariado Xitano (FSX). "Por que? Pois porque o nivel de expectativas económicas é menor".

Un río caudaloso de ADN vén circulando sen interrupción e con escasas mesturas desde o emprazamento orixinario dos xitanos, o subcontinente indio, ata os barrios de chabolas das cidades e vilas galegas. En contra do que se pensa, esta etnia ten a súa orixe nun dos tecidos urbanos máis antigos da humanidade, o establecido no val do río Indo hai máis de 4.000 anos. "Sempre tiveron preferencia pola cultura urbana. Son itinerantes, pero non nómades. Nunca cultivaron a terra nin criaron gando", sinala **Santiago González**. "Eran ferreiros, tratantes de bestas e músicos. De feito, apareceron no ámbito europeo no século XIII, empurrados polas invasións turcas e mongolas, pero en Galicia non se estableceron ata o século XX. Porque este era o lugar onde a cultura urbana estaba menos desenvolvida". Os antropólogos fixan hoxe catro grandes pólas de xitanos europeos enxertadas en distintas áreas do continente. Os países do Este -Romanía, Hungría e Bulgaria- son os lares dos *sintís*. A maioría dos xitanos de Francia son *manuches*, familia con fillos tan ilustres coma o guitarrista **Django Reinhardt**. Repartidos entre Euskadi e Francia atópanse os *calderas*, mentres que os *calós* están establecidos en Finlandia, o sur de Francia, España e Portugal. A FSX fixa en 10.300 o número de xitanos residentes en Galicia, o 2% da poboación xitana española. Dentro destes, aproximadamente un milleiro son ciganos portugueses. "Moitos deles, especialmente os do sur de Galicia, aínda seguen a dicir que eles non son xitanos. Pero un antropólogo portugués de finais do XIX estableceu inequivocamente a súa descendencia dos calós. Empezaron a chegar a Galicia nos anos 60 e os xitanos de aquí recibíronos mal", relata **González Avión**. "Tamén se levan moi mal os xitanos galegos e os casteláns", engade. "É un problema de clasismo. Os xitanos galegos tiñan, e teñen, a peor situación social desta etnia

“ A lonxevidade media dos xitanos é de 70 anos, mentres a dos pais é de 80”

en todo o Estado". Boa mostra disto é que un de cada tres xitanos de Galicia vive aínda en chabolas, a porcentaxe máis alta de toda España. Malia o avance considerable neste terreo -en 1983, o 70% dos xitanos galegos eran chabolistas-, a FSX fixo o ano pasado un inventario de poboados e atopou 36. **José Antonio Romero**, voluntario da Fundación en Lugo, explica que "visitamos a maioría dos que teñen máis de cinco chabolas. En xeral, todos se remontan aos anos 40 e 50. Hai situacións moi variadas. Algúns teñen conexión á rede eléctrica, abastecemento de auga e sumidoiros. Outros fan enganches ilegais, moitas veces consentidos. A maioría das veces están en terreos municipais cedidos. Tamén hai casos de terreos comprados polas familias chabolistas e casos de ocupación".

Os asentamentos de chabolas érguense como unha paisaxe perturbadora nos perímetros exteriores de vilas e cidades. O seu precario urbanismo é clónico. Chabolas moi rústicas de madeira conviven con outras de bloque e ladrillo. Son pequenas, de planta cadrada e unha soa peza. Ou, como moito, dúas ou tres estancias separadas por paneis de madeira ou aglomerado. As casoupas aliñanse en fileiras trazando rúas rudimentarias e ás veces poden verse anexadas, parede con parede, as dos pais coas dos fillos. **José Antonio** constatou que "a maioría dos xitanos que viven en chabolas percibe que ten un problema de vivenda e quere mellorar. Algúns non terían problema en ir a unha vivenda vertical. A outros non lles convence porque nunca viviron en piso, pero si que se mudarían a unha vivenda unifamiliar no medio rural. E tamén os hai que queren manter o seu estilo de vida". **Fernando Montoya Silva** deixou a chabola aos 13 anos. A monxa **Carmen Arjona**, toda unha institución entre os xitanos de Vigo, xestionou para a familia un piso de protección oficial no barrio de Cabral. Hoxe **Fernando** ten 25 anos, traballa na FSX e é el quen leva da man aos seus na procura dunha vivenda digna. "Moitos dos que pasaron da chabola ao piso →





A TRADICIÓN MARCA NOIVADOS E LOITOS

■ O álbum de fotos que decora a parede da chabola de Eusebio e María, no poboado das Rañas, evidencia un dos aspectos máis arraigados da cultura xitana: o apego á familia. Casamentos e comuñóns son motivo para a xuntanza, tanto ou máis que na sociedade 'paia'. Non obstante, Nicolás, un dos 10 fillos de Eusebio, di que tamén nisto cambiaron as cousas: "Agora anda cada un máis ao seu, xa non hai a unión familiar que había antes".

Fernando Montoya ten 25 anos e é un dos casos, aínda minoritarios pero cada vez máis frecuentes, de xitanos casados con 'paiais'. "Unha parte da miña familia di que son un cabrón e a outra parte está contenta. Coñecen á miña muller, saben o que me quere e o que nos axuda. Por parte do meu sogro tampoco houbo rexeitamento. Cando me coñeceu preguntoume se era traballador e máis nada".

Fernando certifica que a estrita lei xitana en materia de relacións de parella é un elemento da tradición que non desapareceu. "Se a alguén lle gusta unha moza, manda a seu pai e seu irmán a falar coa familia". En moitas ocasións a iniciativa non parte dos interesados, senón que son os propios maiores os que deciden. "Eu estiven comprometido de novo cunha xitana e foi porque entre meu pai e o seu chegaron a un acordo: o teu fillo para a miña filla e nós compadres", conta o mozo.

O celo na preservación da virxidade é algo moi xitano. A monxa Carmen López constata que "cando unha nena de 16 anos está comprometida xa non a deixan ir a ningunha parte sen súa nai". As normas da comunidade dictan que non debe haber sexo antes do matrimonio. Segundo Fernando, "en canto a toques un pouco, cásante mañá". Nalgúns casos os noivos non se puideron aguantar e a voda tivo que facerse sen o rito do pano, o bárbaro costume de manchar un lenzo para amosar a condición inmaculada da esposa. "Por un lado as restricións están ben, polo respecto", reflexiona Fernando. "Pero non se lle esixe o mesmo ao home que á muller. O home pode estar con quen queira e unha nena xitana está suxeita polos valores da virxidade".

Santiago González Avión, bo coñecedor da antropología xitana, apunta que "cando nos queixamos de certos usos deste pobo deberíamos mirarnos ao espello". O presidente da Fundación Secretariado Xitano lembra que non hai moito "a sociedade española era profundamente machista, moito máis que o promedio da sociedade europea. Aquilo que se dicía no franquismo, por exemplo, de que as españolas eran máis decentes que as francesas". Para Santiago, tamén o universo caló está experimentando unha apertura moral nese sentido. Un exemplo elocuente é o de María José Jiménez, a primeira xitana universitaria de Galicia, que na actualidade traballa no Concello de Cartagena "e tivo diversos compañeiros sentimentais". Os seus pais son profundamente xitanos, pero non quixeron que as súas fillas estivesen sometidas a limitacións que non fosen razoables.

Igual que no noivado, no loito os xitanos manifestan un rigor moi superior ao da sociedade maioritaria. A morte dun familiar non só determina unha vestimenta de negro rigoroso. "Durante o tempo que dura o loito, que poden ser tres meses, seis meses ou varios anos, non se entra en bares, non se ve a tele, non se escoita música...", relata Fernando Montoya. "Aquí en Vigo conseguimos, por primeira vez, que dous xitanos de loito traballen. Iso é importantísimo".

O pai de Fernando morreu en 1991 e súa nai, que entón tiña 45 anos, pasou unha década sen quitar a roupa negra. "O meu irmán e eu eramos pequenos, e imaxínate, non poder ver a tele nin coller a guitarra dentro da casa. Houbo un momento en que tivemos que insistirle para que o deixara".

O rito do loito pode chegar ao extremo de determinar un cambio de residencia. Na primeira fase do poboado de Penamoa, algunhas das casas que o Concello da Coruña construíu no seu día están deshabitadas. Os propietarios marcháronse ao falecer alí algún membro da familia. O curioso é que ningún dos xitanos que ocupan as chabolas precarias das inmediacións fixo amago de ocupar estas casas, auténticos chalés en comparación coas súas.

❖ Unha realidade aparte?



ALBANELERÍA. Eusebio Gabarri e María Borja, de 70 anos, posan co seu neto Alfredo na súa chabola do poboado coruñés das Rañas. As Rañas é un núcleo de 18 casoupas que Eugenio e os seus 10 fillos construíron en terreos da súa propiedade. A diferenza do que ocorre en Penamoa, os Gabarri esforzáronse nos traballos de albanelería e alicatado e viven dun xeito bastante digno. O interior da chabola está formado por dúas pezas, unha para a cociña e outra para o salón-dormitorio, separadas por un tabique rudimentario. Nas Rañas vivese da chatarra. "E vainos bastante ben", asegura Eusebio, xubilado dun traballo no porto da Coruña. "Agora o quilo págase a 25 pesetas".



A VENDEDORA. Maximina Silva, xordomuda e nai de tres fillos, leva toda a vida vendendo peixe no peirao vigués do Berbés. Vive nun piso modesto pero decoroso no barrio de Cabral polo que paga 200 euros de aluguer. Na foto posa onda a guitarra e o amplificador dos seus fillos, traballadores ben integrados na sociedade e casados con 'paías'. As grandes afeccións de Maximina son coidar a igrexa do barrio, as telenovelas e as revistas do corazón.



CHATARREIROS. A posta en marcha en Galicia de empresas dedicadas ao reciclaxe deixou aos xitanos fóra da recollida de cartóns e papeis, unha actividade que levaban desenvolvendo desde había moitos anos. Na actualidade continúan dedicándose á chatarra, para o que precisan dunha autorización específica de Medio Ambiente. Os xitanos residentes nas Rañas fan a clasificación e almacenamento do que recollen nun terreo do poboado.



MISERIA. En Penamoa os materiais de construción son a madeira, a chapa e a uralita. O poboado creouse en 1985, cando trasladaron alí "provisionalmente" aos chabolistas da zona onde se construíría o Corte Inglés. A día de hoxe aínda esperan un realoxo que por forza terá que producirse en breve, dado que as obras da terceira ronda da cidade obrigan a destruír o poboado. Máis de 500 persoas viven en Penamos entre lixo, chatarra e enganches precarios á rede eléctrica.



O PASTOR José Jiménez, pastor da Igrexa Evanxélica de Filadelfia no templo coruñés das Fases, imparte o oficio dominical. O chamado "culto" é visto con desconfianza polos xitanos católicos ou non practicantes, que o tildan de cerimonia un tanto sectaria. Practícase cinco días á semana en sesións que poden durar ata dúas horas. O pastor sermonea e canta acompañado por teclados, percusión e un coro. Os fieis entoan aleluias entusiásticas. A comunidade paga a vivenda do sacerdote -que non está suxeito a celibato- e deixa substanciosas doazóns no templo. Jiménez asegura ter formación en Teoloxía Pastoral, pero hai casos de pastores analfabetos que teñen que memorizar os sermóns.

→ estaban afeitos ao aire libre, a non pagar nada e vivir no medio da chatarra. Da noite para a mañá é moi difícil cumprir coas novas esixencias sociais. Hai moitos casos de impagos e de malas relacións cos veciños. O peor é que se desaniman moi rápido".



Casado cunha paia e pai dunha nena de ano e medio, **Montoya** ten formación de FP de grao medio e unha vida laboral de varios anos na construción. Os da FSX viron nel alguén idóneo para facer mediación "pola experiencia que tiña en empresas e porque podía ser para os meus un referente e un motivador". Un estatus moral que ata hai pouco ostentaba a luguesa **M^a José Jiménez Cortiñas**, *Guru*, titulada en Traballo Social en Vigo e primeira universitaria xitana de Galicia. A segunda en sumarse á lista - e, de momento, a última- foi a súa irmá **Irene, Pipi**, unha licenciada en Maxisterio de 26 anos que traballa tamén como mediadora cultural da FSX. "Para os mediadores, ser xitanos facilita as cousas pero tamén as complica", explica a moza. "Facilitaas no sentido de que hai máis complicidade e confianza. E complicaas porque senten que estou obrigada a resolverlles rapidamente todo. Eu mesma sintome obrigada, pensa que case a metade dos 800 xitanos de Lugo son familiares meus. Á miña avoa contabilizáronlle 240 descendentes". A familia. Esa foi sempre a coiraza coa que os calós se cubriron ante a sociedade maioritaria. Pero esas relacións estreitas, propias dunha cultura de clan, tamén mudaron. En primeiro lugar, porque os matrimonios non son as máquinas produtoras de fillos que eran antano. **Santiago González** indica que "dende finais dos 80 a media de fillos dunha muller xitana reduciuse á metade, de 5 a 2,5". Por outra banda, a reverencia polos maiores non desapareceu, pero nalgunhas residencias de anciáns das grandes cidades empezan a verse xitanos, algo impensable →





A pervivencia deste *guetto* infame segue a ser unha vergoña

PENAMOA: VIAXE AO TERCEIRO MUNDO

■ O lixo está por todas partes. Toneladas de moles, táboas e desperdicios rodean as casas a piques de estrangulalas. As rúas son auténticas céncas ou corgas de cráteres. Hai en todo o poboado, de casoupas dunha peza armadas con táboas ou chapa, un cheiro violento a augas fecais. Estamos a cinco minutos do polígono da Grela, unha das áreas industriais punteiras de Galicia, e o panorama é de subdesenvolvemento puro. En Penamoa a suciedade xa non crea contraste: todo está sucio e miserento. 500 persoas alcanzan a escala máis baixa da humanidade nesta inmensa esterqueira.

A mediados dos anos 80, cando varios núcleos chabolistas da cidade foron desmantelados para dar paso a experimentos urbanísticos lucrativos, o Concello decidiu crear un enclave "provisional" no monte da Penamoa. Alí non había máis que toxos, xestas e penedos, a cidade "normal" estaba a unha distancia prudencial e o lugar parecía óptimo para un guetto marxinal. As autoridades municipais construíron casañas de cemento para as primeiras familias -o barrio rico dos tres que compoñen o poboado-. Todos os que chegaron despois apareceron como puideron. Case contemporánea á creación de Penamoa foi a irrupción do tráfico de drogas na sociedade xitana. Diñeiro rápido para

xente que non tiña formación nin, en moitos casos, traballos dignos. O poboado coruñés especializou a súa actividade como supermercado da droga. Só dúas clases de 'paíes' se atreven a entrar alí: os policías e os ionquis. Un tipo desastrado aparece detrás dunha pena subindo a manga da chaqueta. Na esplanada que dá acceso ao poboado véndense xiringas dun só uso. Os clientes chútanse nas propias chabolas onde teñen axeitadas unhas cobachas para compartir o papel de prata para fumar a heroína e o amoníaco con que facer a base da coca. Algúns deles pasan alí días enteiros sin ver a luz. Só saen para comprarlle ás mulleres que gardan as papelinas entre as tetas. Os homes non venden. Os policías teñen encontrado un kilo de coca agochado no estómago dun porco enterrado. A sordidez é aterradora. Hai nenos de menos de dez anos que atemorizan a xente con paos para sacerlle cartos para coca. A droga tenos devastados. É terrible.

A Germán Lago, comisario da brigada de seguridade cidadá da Policía Nacional, facilítalle o traballo que as cousas estean tan claras. "É mellor ter centralizada alí a venda e que non estea preto dun centro de ensino, por exemplo. É máis fácil de controlar e non lle produce tanta alarma social á xente". En Penamoa circula, sobre todo, a heroína.

Os clientes son residuos da época dos ionquis de xiringa, unha tribu en regresión dentro da comunidade dos toxicómanos. "Os xitanos levan o tráfico a media e pequena escala. Non teñen contacto cos produtores", continúa o policía. "En Penamoa entra a droga en pequenas cantidades, non hai grandes envíos que se poidan interceptar. E o número de vendedores aumentou". Ronda matinal dos homes de Lago. Os axentes Amador Fernández e Manuel Platas e o oficial Miguel Estévez coñecen ben Penamoa. Visítano a diario, inmersos nunha rutina que, de vez en cando, inclúe rexistros, incautacións e detidos. Moitas familias do poboado teñen a alguén no cárcere. A moitas nais morréronlles fillos de sobredose, porque o cabalo tivo sobre a comunidade xitana un efecto boomerang co que non contaban ao principio. "Aquí trafican case todos. Hai algunhas familias de chatarreiros, pero son minoría", conta o axente Fernández. O trato dos polis cara aos xitanos é cordial. Intercambian bromas e saúdos con todos. "O outro día apedreáronnos", di Amador sen darlle importancia. Coinciden na teoría do seu xefe: o mal menor. Platas vén de Barcelona e viu o que pasou cando desaloxaron un poboado de chabolas para facer a nova terminal de contedores do porto. "Provocouse que apareceran moitos pequenos centros de distribución por toda a cidade".

❖ Unha realidade aparte?

→ hai uns poucos anos. Eles mesmos contan que se dilúe a tradicional unión no seo das familias, que antes alcanzaba os graos de parentesco máis remotos. A tímida homologación dos xitanos incorporou aspectos tan positivos coma o benestar e tan negativos coma o individualismo.

No apartado das sombras cóntase tamén a entrada de cheo deste pobo no tráfico de drogas, a principios dos anos 80. “Empezaron por unha cousa moi clara. Había diñeiro fácil, eles eran unha poboación empobrecida e picaron”, conta **Santiago**. “Os poboados estaban apartados e iso favorecía o establecemento de supermercados. Ademais, os xitanos son un colectivo que practica o pacto de silencio, nunca traizoan aos traficantes para os que traballan. Era todo perfecto: unha poboación segregada da sociedade maioritaria, moi cohesionada internamente e cunhas relacións horribles coa Garda Civil”. O comisario coruñés **Germán Lago** engade que a irrupción da droga modificou profundamente a sociedade xitana por dentro. “Antes había un cabeza de familia e unha estrutura vertical de autoridade. Os novos empezan a traficar e son eles os que levan á casa o sustento e os coches de gran cilindrada. E a autoridade do cabeza de familia véñse abaixo”. A venda de drogas empezou co consentimento, explícito ou tácito, dos maiores, que vían entrar o diñeiro a feixes pola

porta da casa. Despois chegou todo o malo: as detencións, os ionquis e infectados de sida na propia familia...” Foi o boom do diñeiro fácil. E foi mortal”, lembra **Fernando Montoya**. “Eu teño un irmán de 50 anos, que pasou por todo iso. Agora os xitanos moven moitísimo menos droga, estou seguro. Agora dedícanse á chatarra e a traballar”, afirma con convicción. Así e todo, a Policía ten en permanente estado de control os poboados de chabolas de Narón, Poio, Vilagarcía e, moi especialmente, o coruñés de Penamoa. O cabalo agallopa aínda por todos eles.

Ninguén diría que Pipi é xitana. A pel clara e o falar non a distinguen de calquera paia da súa idade. “Acudín á Universidade coma calquera outra nena. Ninguén me identificaba externamente”. **Pipi** queda pensativa cando se lle pregunta que significa exactamente ser xitano. “O da identidade xitana é un conflito polo que pasa calquera xitano. Un conflito interno, sobre todo entre as mulleres. Eu tómoo como un sentimento. Unha forma de ver a vida. Os xitanos adaptámonos ao sitio no que vivimos, os galegos somos diferentes dos casteláns. ¿Que temos en común? Sobre todo, o sentimento de familia. O respecto aos maiores. O papel fundamental da muller dentro da familia”.

Máis inclinado á antropoloxía, **González Avión** explica que os xitanos se distinguen


A EDUCADORA. Carmen López Arjona, monxa das Fillas de Xesús, ten 75 anos e leva máis de tres décadas supervisando a escolarización dos xitanos galegos. Empezou o seu labor en Vigo, nas chamadas escolas-ponte, que acollían só alumnado xitano e chegaron a ser 70 en toda España. “Eran necesarias porque os xitanos non tiñan hábito escolar, pero pouco a pouco fómos integrando no sistema público ou no concertado. Antes as nenas deixaban o colexio aos nove anos e agora conseguimos que fagan ata sexto e que moitas se matriculen no instituto”. Galicia tamén está á cola destas cifras. Mentres que en Andalucía se contan “varios centos” de universitarios xitanos, en Galicia de momento só hai dúas licenciadas.



“ Os antropólogos din que xitano é quen é recoñecido como tal polos demais membros desta etnia ”

como grupo racial independente en base a tres trazos: o físico, a lingua e a cultura. “Os xitanos europeos amosan polo menos dous deses tres trazos, pero case ningún conserva os tres. Por exemplo, os máis puros desde o punto de vista do fenotipo facial son os calós: a pel morena, os pómulos, o nariz... Os ciganos portugueses están máis próximos aínda ás orixes. Poslles un turbante e pasarían desapercibidos en calquera rúa do Punjab”. Peor resistiu na Historia a lingua propia dos xitanos, o romanó, hoxe un idioma practicamente morto. A súa variante castellanizada, o caló -chamado “germanía” nas *Novelas ejemplares*- tan só o empregan os maiores nas conversas entre eles. Os mozos da xeración de **Fernando** e **Pipi** apenas coñecen palabras soltas.

Queda a cultura. Toda a constelación de usos que se entende por cultura, enormemente cambiante duns xitanos a outros. Así, as filiacións familiares son máis claras entre os calós ca entre os manuches. Estes son itinerantes e os españois fóronse facendo sedentarios. Se cambiamos de continente, as disparidades son aínda máis radicais: os xitanos iranianos, por exemplo, organizanse en tribos. “Os antropólogos chegaron á conclusión de que xitano é aquel que se sente xitano e é recoñecido polos demais como tal”, resume **Santiago**. “Eu, por exemplo, podería dicir que me sinto xitano despois de 20 anos facendo traballo social con eles. Pero non me van recoñecer como tal”. Non obstante, di, “o grupo ten certa permeabilidade e acaban dándose entradas e saídas”. As “entradas”, normalmente, son o resultado de unións mixtas. Hai 30 anos podía cuestionarse a pureza dun caló se na súa árbore xenealóxica asomaba sangue espurio. Hoxe ninguén discutirá que a filla de **Fernando**, loura coma a nai paia, é toda unha xitana. A muller que limpa as oficinas da FSX en Vigo, casada cun xitano, é coñecida polos calós como María La Paya entrou a formar parte da rede familiar dos xitanos de Vigo. E todos saben que os seus fillos son xitanos. ●



OPORTUNIDADES. O cigano portugués Baltasar Silvano dos Santos (arriba á esquerda) dedicábase á venda ambulante e atopou un traballo de albanel en Vigo. Goza da consideración do patrón e asegura que "os xitanos queremos entrar na sociedade e non mirarnos como distintos. Eu vivín en chabolas e nun furgón. Agora estou una casa dos sogros, pero penso ir a mellor e mercar eu unha casa". Fernando Montoya, mediador social na sede viguesa da Fundación Secretariado Xitano (arriba á dereita), tamén traballou na construción antes de axudar aos seus a integrarse social e laboralmente. Sabe que os xitanos non só teñen que vencer o rexeitamento da sociedade, senón tamén as súas propias barreiras culturais, á hora de vivir de aluguer e traballar por conta allea. Nese sentido, a FSX organiza cursos de alfabetización, graduado escolar e informática (abaixo). "Os máis motivados son os alumnos de alfabetización", di Juan Fernández, o profesor. "Van vendo os seus progresos máis facilmente: poñer o nome dos fillos, asinar, recoñecer os números para chamar por teléfono...". O ano pasado, só un dos alumnos do grupo de Graduado Escolar obtivo esta titulación.